

### 3. EIXE 3. CRECIMENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

#### 3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

<b>EIXE 3</b>	<b>CRECIMENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>
<b>Prioridade de actuación</b>	<b>PA.3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</b>
<b>Retos estratéxicos</b>	<p>Galicia conta cun potente e competitivo sector primario que resulta unha das principais fontes de xeración de valor pero tamén de sostemento da estrutura poboacional no rural. Non entanto, o sector presenta importantes retos de futuro de cara a asimilarse a os produtores atlánticos punteiros da UE. Os retos estratéxicos neste eido pasan por:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca da reorganización das estruturas agrarias para lograr explotacións máis competitivas e desenvolver o potencial das áreas rurais.</li> <li>- Incentivar a mobilidade de terras coa reforma e ordenación das estruturas agrarias, de xeito que a superficie útil abandonada sirva para aumentar a base produtiva. Seguir coa introdución dos plans de aproveitamento de cultivos, a adopción de medidas de protección do medio ambiente e as medidas para evitar o abandono das terras nos procesos de concentración parcelaria.</li> <li>- No que atinxe aos sistemas produtivos, mellorar as condicións produtivas das explotacións galegas mediante un acondicionamento das estruturas, os investimentos nas explotacións e a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria. Estas medidas únense ao apoio á innovación, á formación profesional e ao asesoramento técnico para establecer proxectos que garantan o asentamento da poboación no rural.</li> <li>- Fortalecer as medidas para apoiar o mantemento da actividade agraria en zonas desfavorecidas de montaña e noutras zonas diferentes das anteriores mediante un sistema de indemnizacións e no que se ten en conta a especificidade das explotacións con superficies na zona de Rede Natura 2000.</li> <li>- Asesorar aos traballadores do campo sobre os cultivos máis axeitados para cada explotación e máis rendibilizados polo mercado.</li> <li>- Aínda que a produción de leite e a de vacún de carne son, por esta orde, os principais activos do sector gandeiro en Galicia, cómpre potenciar outras especies que como o ovino e o cabrún, están acadando cada vez maior relevancia en canto á rendibilidade das explotacións.</li> <li>- Mantemento do sector lácteo, estratéxico para a nosa economía, non depende só de produtores, industrias e goberno, senón tamén dos distribuidores e dos consumidores. É necesario que o prezo do leite sexa tratado dignamente tanto en orixe coma nos puntos de venda. As ordes de axudas dirixidas ás industrias agroalimentarias que operan en Galicia priorizarán as cooperativas e empresas que lles paguen un prezo digno aos produtores.</li> <li>- É preciso aproveitar as potencialidades da calidade da carne de vacún e tratar de conseguir un modelo de produción que lles permita medrar ás explotacións en canto a número de cabezas e de superficie dedicada a cultivos e pastos, á vez que se reduce o esforzo físico dos produtores coa aplicación de maquinaria e de novas tecnoloxías que fagan máis rendible o seu traballo.</li> <li>- Aproveitamento do potencial do sector agrícola, como base da produción alimentaria de calidade. Apóstase por fortalecer un sector con capacidades de atender as demandas cada vez máis esixentes dos consumidores e de competir no mercado internacional pola</li> </ul>

	<p>vía da distinción de calidade ao tempo que se optimizan os recursos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Preténdese reivindicar a defensa da utilización, consumo e distribución de produtos agroalimentarios galegos para pór en valor os nosos recursos e para xerar riqueza mediante o peche do ciclo produtivo no noso País. Apóianse aquelas explotacións e cooperativas que buscan unha vía de transformación e de comercialización directa dos seus produtos primando a través desta liña de actuación os aspectos relacionados coa innovación tecnolóxica e a aplicación de I+D+i, o aumento da calidade do produto e a mellora das canles de distribución, mediante o uso das TIC.</li> <li>- As industrias de transformación, de distribución e de comercialización de produtos agrarios son precisas para viabilizar e outorgarlle un valor engadido ás producións agrarias. Estas precisan optimizar o acceso aos mercados e mellorar a súa competitividade para garantir a súa viabilidade económica e social, co fin de favorecer a pervivencia e consolidación do tecido económico, ademais de fomentar a creación de emprego directo.</li> <li>- A promoción cooperativa e social, mediante estruturas asociativas de importancia no agro galego, favorece a prestación de servizos técnicos, económicos e sociais ás explotacións, ademais de garantirles rendas dignas aos produtores socios coa venda dos seus produtos e coa participación no seu valor engadido se hai transformación industrial e distribución.</li> <li>- Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de toda o territorio. Delas, máis de 120.000 corresponden a superficie forestal certificada, o que a coloca á fronte do Estado en canto a xestión forestal sustentable. Compre mellorar o aproveitamento do potencial do sector forestal galego articulado sobre tres grandes piares. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reordenación dos usos e actividades no rural, impulsa ademais a posta en valor do territorio e do monte para facelo máis produtivo e proveitoso.</li> <li>- Xestión forestal sustentable e de calidade que aproveita a riqueza diversa do monte.</li> <li>- Redución significativa do número de incendios forestais, a través de políticas de prevención e de valorización.</li> <li>- A xestión forestal que garanta a multifuncionalidade do monte galego, tense que desenvolver dun xeito respectuoso co medio ambiente, procurar a rendibilidade económica e social beneficiosa e, ademais, marcar o camiño do futuro dos nosos bosques.</li> </ul> </li> <li>- No que atinxe ao sector pesqueiro, que engloba todas as actividades relacionadas coa pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, así como a conserva e o conxelado, continúa sendo un dos primeiros axentes da economía galega. Malia que xa ten acadado importantes niveis en materia de calidade, seguridade alimentaria e comercialización. Compre consolidar esta situación vantaxosa e seguir a mellorar os canais de comercialización e valorización do produto da industria extractiva e transformadora, e, en particular no sector da acuicultura onde a comunidade autónoma conta con un importante potencial de crecemento.</li> </ul>
<p><b>Planificación sectorial</b></p>	<p>Estratexia Galega de Acuicultura. Plan Director de Acuicultura Litoral.</p> <p><a href="#">Plan de Ordenación do Litoral.</a></p> <p><a href="#">Plan Estratéxico da Náutica Recreativa en Galicia 2012-2020.</a></p> <p><a href="#">Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia.</a></p> <p><a href="#">Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</a> (PLADIGA).</p> <p><a href="#">Plan territorial de emerxencias de Galicia</a> (PLATERGA).</p> <p>Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia</p> <p><a href="#">Estratexia galega de educación ambiental.</a></p>



	<p><a href="#">Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia.</a></p> <p>Plan de seguros Agrarios de Galicia.</p> <p>Programa de apoio as Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas, flor e planta ornamental.</p> <p><a href="#">Plan forestal de Galicia.</a></p>
<b>Programas de gasto</b>	513A, 514A, 541C, 551A, 551B, 711A, 712A, 712B, 712C, 713A, 713B, 713C, 713D, 713E, 713F, 721A, 722A, 723A, 723B

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.01 Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira .</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>O sector da pesca xerou un valor engadido en 2012 de 1.136 millóns de euros, que supón o 2,1% do PIB da C.A. e emprega a máis de 33.000 persoas (2012), das cales 2/3 corresponden coas actividades pesqueiras e acuícolas e 1/3 son empregados da industria transformadora; en termos de emprego chega ao 3,2 % do total de Galicia. Un trazo diferencial da economía galega é a importancia da pesca e da acuicultura. Pese á perda de peso do subsector nos últimos anos, non existe outra rexión ou país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro (pesca e acuicultura) teñan un peso tan relevante no PIB.</p> <p>O sector profesional da pesca e da náutica deportiva están sufrindo de xeito importante a actual situación económica. Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante os derradeiros exercicios unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.</p> <p>Perséguese a realización de actividades prestación de servizos con criterios de eficacia e eficiencia económica, buscando a máxima rendibilidade sen rebaixar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Isto permitirá crear máis valor con menos impacto, o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos e/ou servizos de valor de xeito sostible.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia.</p> <p>Identificar as prioridades da demanda náutica recreativa e axustar unha oferta equilibrada e adecuada.</p> <p>Asegurar a sustentabilidade económica de Portos de Galicia.</p> <p>Mellorar as infraestruturas dos portos pesqueiros e as lonxas para aumentar a seguridade e calidade do traballo dos pescadores e diminuír o impacto ambiental e a contaminación. Mitigación do cambio climático.</p> <p>Ordenación de servizos nos espazos portuarios para a pesca e usuarios.</p> <p>Mellora da eficiencia enerxética nos portos (infraestruturas e equipamento). Incorporación das novas tecnoloxías da información e a comunicación a toas as actividades.</p> <p>Conservación do patrimonio cultural da pesca.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Contar cun sistema portuario pesqueiro adaptado ás especificidades de cada porto e comunidade que contribúa a lograr a sustentabilidade da actividade pesqueira mediante infraestruturas modernas, especializadas e eficientes.</p> <p>Desenvolvemento de servizos e actividades nos portos galegos optimizando a adaptación ás necesidades dos usuarios destes, primando o sector profesional e a náutica recreativa.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	<p>IR 3.1.01.a Mellora da eficiencia enerxética dos portos (% de consumo sobre base 2014)</p> <p>IR 3.1.01.b Mellora dos equipamentos (% de portos con equipamentos sobre porto tipo)</p> <p>IR 3.1.01.c Porcentaxe de autorizacións e concesións nos portos novas en relación ao número total</p>
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Plan de Ordenación del Litoral.</a></p> <p><a href="#">Plan Estratégico da Náutica Recreativa en Galicia 2012-2020.</a></p> <p>Planificación urbanística (Delimitación de Espazos e Usos Portuarios e Plans Especiais dos portos)</p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.</p> <p>Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.</p> <p>Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais e da</p>



	<p>xestión organizativa dos mesmos e adaptación ás novas TIC.</p> <p>Actuacións dirixidas á mellora ambiental e redución dos riscos de contaminación nas actividades portuarias pesqueiras.</p>
Indicadores de produtividade	<p>Nº de proxectos en materia de infraestruturas e equipamentos en portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadores;</p> <p>Nº de portos con actuación.</p> <p>Nº de pescadores afectados</p> <p>Ingresos por concesións e autorizacións en relación a importe da cifra neta de negocios.</p> <p>Número de servizos portuarios externalizados.</p> <p>Número de atraques destinados á náutica recreativa en xestión privada.</p>
Programas de gasto	<p>513A. Construción, conservación e explotación portuaria.</p> <p>514A. Infraestruturas pesqueiras.</p>

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.02 Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Os datos do ano 2014 reflicten que o sector primario en Galicia contribúe en case un 5% ao valor engadido total xerado na C.A., mentres no conxunto da UE non chega ao 2%. A pesca e acuicultura representan o 28% do valor engadido que xera este sector. O peso do sector primario na estrutura produtiva galega reduciuse nos últimos 30 anos de forma notable, se ben entre o 2008 e 2014 freouse esta redución. O subsector da pesca e acuicultura dá traballo ao 1,8% dos ocupados en Galicia, fronte ao 0,1% da UE. Galicia na actualidade ten 2 áreas mariñas protexidas (AMP) declaradas como Reservas Mariñas con interese Pesqueiro: "Os Miñarzos" e "Ría de Cedeira", que compatibilizan a protección do medio natural mariño co interese pesqueiro. Polo de agora, ningunha das dúas AMP galegas están incluídas na "Red de Áreas Marinas Protegidas de España" (RAMPE).
<b>Necesidades Retos</b>	Garantir a seguridade alimentaria dos produtos procedentes do mar e a súa explotación sostible. Reducir os efectos negativos das catástrofes e dos accidentes mariños. Vixiar e controlar a legalidade das capturas.
<b>Resultados a conseguir</b>	Acadar un cumprimento do programa de control técnico-sanitario superior ou igual ao 95% para evitar as consecuencias negativas sobre as persoas
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.02 Porcentaxes de controis efectuados (análises, inspeccións, intervencións por contaminación mariña), fronte ao nº de controis programados ao inicio de cada ano (ou no programa de control do ano).
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia</a> (Plan CAMGAL) no que se establecen as normas e procedementos básicos de actuación fronte a un episodio de contaminación mariña.
<b>Principais liñas de actuación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinar as restauracións dos danos producidos por episodios de contaminación accidental.</li> <li>• Previr e controlar as actividades que poidan afectar negativamente á sustentabilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.</li> <li>• Investigar as patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.</li> <li>• Actualización das bases de datos con observacións oceanográficas e biolóxicas</li> <li>• Asesorar ao sector para mellorar os mecanismos de xestión.</li> <li>• Elaborar un programa de formación e adestramento do persoal.</li> <li>• Aumentar o nº de inspeccións en praias, portos, lonxas e vehículos.</li> <li>• -Reducir o tempo medio de resposta en actuacións de salvamento marítimo.</li> </ul>
<b>Indicadores de produtividade</b>	% de análises realizadas. % de sancións en relación ao nº inspeccións. % de rescates en relación ao nº de accidentes/tempo de resposta. Índice de biodiversidade nas zonas de reserva integral ou de especial protección. Índices de rendemento das principais especies mariñas con interese comercial dentro dos límites das reservas mariñas.
<b>Programas de gasto</b>	541C. Protección e mellora do medio natural marítimo.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.03 Mellorar as infraestruturas no medio rural para acadar unhas explotacións máis competitivas.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>En Galicia, cun 6% da superficie rústica nacional, existen 11.246.646 parcelas, que representan o 28,52% do total nacional. Hai 1.588.006 titulares catastrais que representan o 20,69% do total nacional. Galicia ten o 5,84% da superficie nacional e ten dúas provincias Lugo e Ourense cunha densidade de poboación de 34,5 habitantes/km<sup>2</sup>. e 44,0 habitantes/km<sup>2</sup> cando a media nacional é de 91,8 habitante/km<sup>2</sup>.</p> <p>A poboación rural a curto prazo seguirá a diminuír e seguirase intensificando o proceso de envellecemento. É necesario afondar na diversificación económica do medio rural, mellorando a calidade de vida da poboación rural e a estrutura das explotacións</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao urbano.</p> <p>Mellora e reordenación das estruturas agrarias mediante a concentración parcelaria ou calquera actuación que permita a mellora da base territorial das explotacións, como agrupacións, permutas, etc.</p> <p>Na actualidade atópase en tramitación parlamentaria o proxecto de Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) que suporá un salto cualitativo en canto á reestruturación do agro galego.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Rematar todas as concentracións parcelarias con camiños principais abertos.</p> <p>Proxectar e executar os camiños principais en todas as concentracións que están na fase de Bases Definitivas.</p> <p>Pasar á fase de Bases Definitivas en todas as concentracións que se atopen en fase de Decreto.</p> <p>Pasar á fase de Bases Definitivas en todas as concentracións que se atopen en fase de Bases Provisionais ou nas que estas estean en proceso de elaboración.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.03 Superficie de concentración parcelaria equivalente.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Programa de Desenvolvemento Rural (2014-2020)</a> .
<b>Principais liñas de actuación</b>	Accións de reordenación das estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria.
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Zonas de concentración parcelaria con actuacións desenvolvidas.</p> <p>Camiños rurais construídos e/ou mellorados (Km).</p> <p>Camiños rurais construídos e/ou mellorados (número).</p>
<b>Programas de gasto</b>	551A. Infraestruturas e equipamentos no medio rural

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.04. Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Os incendios forestais constitúen un dos máis importantes problemas ambientais de Galicia. Analizando o período 2001-2011, a media anual de superficie arborada queimada ascende a 11.009,28 ha e a 30.106,67 ha a de superficie total. Estas cifras supoñen unha quebra severa do potencial económico do sector forestal, un grave risco para persoas e ecosistemas e un gasto público elevado. Tomando como referencia o Informe de Incendios Forestais 2011 elaborado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Galicia sufriu o 50% dos Grandes Incendios Forestais da dita anualidade (superiores a 500 hectáreas), así como o 38,64% de sinistros respecto á totalidade do Estado español.
<b>Necesidades Retos</b>	A vulnerabilidade do territorio galego require de estratexias de prevención contra os incendios forestais e de defensa ante os mesmos, reducindo o número de lumes, as superficies queimadas e atenuando os efectos derivados dos incendios.
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Reducir o número de lumes e de superficie queimada, de tal forma que non se supere a media de 3 ha por lume, 1 ha. de superficie arborada por lume, se manteña o número de lumes maiores de 25 ha por debaixo do 2% do total e os de lumes menores ou iguais a 1 ha por riba do 70%, se reduza o número de incendios e a superficie queimada total con respecto á media dos últimos 10 anos.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.04.a Superficie queimada. IR 3.1.04.b Número de lumes.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</a> (PLADIGA). <a href="#">Plan territorial de emerxencias de Galicia</a> (PLATERGA). Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia <a href="#">Estratexia Galega de Educación Ambiental</a> . <a href="#">Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia</a> .
<b>Principais liñas de actuación</b>	Planificación preventiva contra incendios forestais asentada na actuación concertada de todas as administracións. Reforzo das estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais (por medio da realización de tratamentos preventivos e silvícolas). Prevención doutras catástrofes naturais. Campañas de educación e sensibilización. Vixilancia e aplicación do réxime sancionador instituído.
<b>Indicadores de produtividade</b>	Nº de actuacións en infraestruturas (Ud). Superficie de mellora forestal (ha).
<b>Programas de gasto</b>	551B. Accións preventivas e infraestruturas forestal.



<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.05 Mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego, especialmente a través da creación de emprego.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Dende comezo da crise produciuse unha caída do emprego nas áreas rurais, a caída das afiliacións á Seguridade Social entre 2007 e 2012 foi do 15,8% nas zonas pouco poboadas, esta caída afectou principalmente ao sector primario e ao da construción, sen que outros sectores económicos puideran compensar esta caída. Esta destrución neta de emprego tradúcese no despoboamento e no crecente envellecemento da poboación no rural. A loita contra o envellecemento e a despoboación rural precisa actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida no rural, sen perder de vista os criterios de protección ambiental. Debemos polo tanto afondar en políticas que axuden o desenvolvemento rural e permitan fixar, cando non recuperar, poboación no mesmo.
<b>Necesidades Retos</b>	Acadar a fixar a poboación no medio rural. Fomentar iniciativas empresariais que contribúan a creación de emprego no territorio. Incrementar a instalación no rural de servizos asistenciais á poboación para favorecer a conciliación laboral e familiar e a atención básica os colectivos mais desfavorecidos.
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Establecer as condicións necesarias para consolidar e crear emprego no medio rural. Conseguir que no vindeiro período os habitantes do rural teñan ao seu alcance, tódolos servizos de carácter básico que favorezan a conciliación familiar e unha mellor atención das persoas dependentes.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.05.a Emprego no rural. IR 3.1.05.b Renda agraria.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Programa de Desenvolvemento Rural (2014-2020).</a>
<b>Principais liñas de actuación</b>	Ofertas de servizos básicos elementais (centros de día, garderías, etc). Posta en marcha de proxectos produtivos xeradores de autoemprego e emprego (Perruquerías, talleres, bodegas, etc). Posta en marcha do uso das novas tecnoloxías e da enerxía limpa e emprego de plataformas on-line de venda, uso da biomasa en locais sociais, etc).
<b>Indicadores de produtividade</b>	Incremento porcentual de prazas de atención a colectivos desfavorecidos Incremento porcentual do aumento ou caída de poboación
<b>Programas de gasto</b>	712A. Fixación de poboación no medio rural.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.06 Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación.</b>
<b>Diagnóstico</b>	O agro galego está a vivir unha concentración de explotacións gandeiras, principalmente no sector lácteo. Este proceso vai da man dun incremento da dimensión media das explotacións, que aínda debe mellorar. O esforzo inversor dos agricultores/as galegos/as nos últimos anos está a render resultados positivos nas ratios de rendibilidade e cómpre, por tanto, manter o apoio a este esforzo. Por outra banda, a gandería galega está a atravesar momentos de dificultade afectada pola crise económica e que deriva nunha importante redución do número de explotacións gandeiras, e nun envellecemento da poboación activa agraria, repercutindo de xeito directo no despoboamento do rural. Neste contexto, a produción pecuaria require da aplicación de enfoques sustentables orientados á produción de alimentos de calidade, e de apoios para mellorar a produtividade da nosa gandería e os recursos gandeiros autóctonos. O sector vitivinícola estase a converter nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións ás novas variedades que demanda o mercado, ou de reestruturación do seu potencial produtivo para acadar unha dimensión axeitada aos seus dereitos de produción.
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Frear o envellecemento e o despoboamento das zonas rurais.</p> <p>Incrementar a renda agraria e a produtividade da agricultura, que é inferior á media estatal e comunitaria, manténdose arredor do 90% do valor da media da UE e incrementándose estas diferenzas nos últimos anos.</p> <p>Mellorar o investimento e I+D na agricultura galega, que incide negativamente no desenvolvemento deste sector, así como a baixa formación dos agricultores e gandeiros.</p> <p>Fomentar o control leiteiro para avaliar a calidade produtiva dos animais, promocionar a mellora xenética do gando frisón que aumente as producións das explotacións, fomentar a utilización dos recursos zootécnicos autóctonos</p> <p>Promover a calidade dos produtos obtidos das explotacións gandeiras e converter ao sector vitivinícola nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Incrementar a produtividade da explotación agraria cumprindo ao mesmo tempo coas condicións de respecto ao medio ambiente, mantemento da paisaxe, da hixiene e benestar dos animais e seguridade no traballo, todo elo dentro dun marco que permita a mellora da calidade de vida e do seu entorno.</p> <p>Incorporar aos mozos á actividade agraria como forma de combater o envellecemento e despoboamento principalmente das zonas rurais do interior de Galicia.</p> <p>Incrementar a contratación de seguros agrarios como forma de asegurar a renda das explotacións ante perdas inesperadas por axentes alleos ás mesmas, como os climáticos, enfermidades animais u outros</p> <p>Impulsar unha produción agropecuaria viable económica, social e medioambientalmente de forma que se contribúa á redución das diferenzas entre a renda agraria e a renda urbana en Galicia.</p> <p>Incrementar o valor e a rendibilidade das producións gandeiras, e recuperar as razas tradicionais, permitindo a implantación de sistemas de produción sustentables.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	<p>IR 3.1.06.a Renda agraria.</p> <p>IR 3.1.06.b Volume da produción gandeira.</p>
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Programa de Desenvolvemento Rural (2014-2020)</a></p> <p>Plan de seguros Agrarios de Galicia.</p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias.</p> <p>Axudas á incorporación de novos activos.</p> <p>Acceso a seguros agrarios.</p> <p>Axudas á modernización integral das explotacións.</p> <p>Actuacións de apoio ao control leiteiro.</p> <p>Desenvolvemento do Plan de Mellora Xenética do Frisón de Galicia.</p>



	<p>Actuacións de fomento das razas autóctonas.</p> <p>Actuacións da promoción da calidade das producións gandeiras de Galicia.</p> <p>Liña de axudas para a reconversión e reestruturación do viñado.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Explotacións de Galicia que se acollen a medidas de modernización de explotacións agrarias.</p> <p>Número de mozos que se acollen a medidas de incorporación como titulares en explotacións agrarias.</p> <p>Número de seguros agrarios contratados.</p> <p>Numero de activos agrarios por idades.</p> <p>Número de seguros agrarios subvencionados.</p> <p>Porcentaxe de explotacións leiteiras de vacún en control leiteiro.</p> <p>Variación do número de lactacións válidas finalizadas.</p> <p>Variación de exemplares de razas autóctonas.</p>
<b>Programas de gasto</b>	<p>712B. Modernización e diversificación do tecido produtivo rural.</p> <p>713C. Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables.</p>

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.07 Fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>O sector dos produtos alimentarios de calidade na nosa Comunidade Autónoma ten unha importante incidencia económica e social, que se pon de manifesto tanto polo valor en orixe da produción certificada, ao redor dos 300 millóns de euros, como polo número de produtores implicados, uns 30.000 e o de industrias, preto de 800. Con todo, malia o prestixio que a produción alimentaria galega ten nos mercados e entre os consumidores, o sector produtor, transformador e comercializador ten importantes carencias e dificultades estruturais que dificultan o seu acceso aos mercados. A pequena dimensión empresarial e a falta de integración son os factores que máis limitan o seu acceso aos mercados nacionais e internacionais dunha forma competitiva, por iso é fundamental desenvolver actuacións que permitan a presenza conxunta, a promoción e o apoio á comercialización dos produtos de calidade, unidos á mellora e modernización das industrias.</p> <p>O asociacionismo representa, neste senso, unha alternativa chamada a converterse no instrumento fundamental no que asentar a futura evolución do desenvolvemento rural do noso modelo agrario, e poder afrontar os desafíos que a propia política común comporta.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Aumentar o tamaño das explotacións e as empresas e aumentar a orientación da súa produción cara a produtos de calidade certificada.</p> <p>Apertura de novos mercados.</p> <p>Fomentar o asociacionismo agrario sobre todo en sectores menos desenvolvidos como os de produtores de froitas e hortalizas, flor, planta ornamental, etc.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Aumentar a porcentaxe relativa que, sobre o VEB da produción agroalimentaria galega, teñen os produtos de calidade diferenciada como denominacións de orixe, indicacións xeográficas, produtos ecolóxicos, etc.</p> <p>Creación de agrupacións de produtores nos sectores menos desenvolvidos para fomentar a comercialización conxunta dos produtos agrarios.</p> <p>Fomentar a utilización conxunta de maquinaria, instalacións e equipamentos como forma de reducir custes de produción.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	<p>IR 3.1.07.a Valor económico das producións amparadas baixo indicativos de calidade.</p> <p>IR 3.1.07.b Número de agrupacións de produtores creadas.</p>
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Programa de desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.</a></p> <p>Programa de apoio as Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas, flor e planta ornamental.</p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Subvencións a fondo perdido para gastos de funcionamento dos consellos reguladores e para investimentos dos operadores do sector relacionados coa produción e a comercialización de produtos de calidade.</p> <p>Investimentos directos da Xunta de Galicia relacionados con actividades de promoción.</p> <p>Axudas para o fomento no investimento de maquinaria agrícola en común.</p> <p>Axuda a agrupacións de produtores de froitas e hortalizas.</p> <p>Axuda a agrupacións profesionais agrarias.</p> <p>Axuda a agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Número de beneficiarios de axudas e de actuacións realizadas directamente pola Administración.</p> <p>Número de proxectos de utilización conxunta desenvolvidos neste período</p>
<b>Programas de gasto</b>	<p>713D. Mellora da calidade na produción agroalimentaria.</p> <p>712C. Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria.</p>

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.08 Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible.</b>
<b>Diagnóstico</b>	A superficie forestal de Galicia (2.000.000 ha) xera o 22 % do valor produtivo da superficie forestal española, o 7 % do valor recreativo e o 10 % do valor ambiental. A produción de madeira é a principal achega económica do subsector forestal, seguido pola fabricación de mobles e de papel. Cunha estrutura de 600 empresas industriais e comercializadoras e 2.400 autónomos, o subsector proporciona máis de 25.000 empregos, incluíndo produción e transformación, contribuíndo á fixación de poboación no medio rural. Constatase a persistencia de problemas estruturais relacionados esencialmente coa distribución e propiedade da superficie forestal, coa escasa dimensión da industria e a súa orientación fundamental cara á actividade de primeira transformación e con abandono de moitos terreos que hoxe están infrutilizados e improdutos.
<b>Necesidades Retos</b>	Resaltar as medidas activas de prevención, en particular contra os incendios forestais, un dos máis importantes problemas ambientais de Galicia. Contribuír á mellora da competitividade e produtividade das industrias. Loitar contra as pragas e enfermidades, medida esencial para a conservación do patrimonio natural e das plantacións de especies forestais. Aumentar a dimensión das empresas forestais. Alcanzar a dimensión territorial necesaria para a silvicultura. Fomentar a xestión conxunta, sostible e multifuncional dos recursos forestais. Definir os lindes para a solución dos litixios existentes que facilitará a xestión e o asociacionismo forestal e incrementará a viabilidade das explotacións. Evolucionar o sector agrario galego cara a unha economía hipocarbónica, compatible co aumento de produción de madeira cando esta se empregue para a fabricación de produtos transformados de longa vida útil. Apoiar ao investimento en proxectos individuais, compartidos ou de ámbito local, orientados a promover os investimentos en novas tecnoloxías forestais para a transformación de biomasa.
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Incrementar a porcentaxe de montes xestionados mediante un Instrumento de ordenación e xestión forestal. Aumentar os montes certificados mediante un sistema de certificación internacionalmente recoñecido. Resolver deslindes parciais ou totais de montes veciñais en man común. Crear sociedades ou asociacións de xestión ou comercialización forestal conxunta. Fomentar o uso silvopascícola ordenado.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.08 Valor da produción forestal
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Plan de prevención e defensa contra incendios forestais (PLADIGA).</a> <a href="#">Estratexia de Especialización Intelixente para o período 2014-2020.</a> <a href="#">Estratexia galega de educación ambiental.</a> <a href="#">Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia.</a> Plan director do Camiño de Santiago. <a href="#">Plan de Ordenación do Litoral 2014/2020.</a> <a href="#">Plan forestal de Galicia.</a>
<b>Principais liñas de actuación</b>	Fomentar a ordenación, a xestión sostible e o aproveitamento dos montes e impulsar a certificación da xestión forestal sustentable. Fomentar sistemas de xestión forestal conxunta con especial atención ás SOFOR e outras agrupacións de propietarios. Manter e recuperar sistemas silvopastorís en montes veciñais en man común. Recuperar o potencial forestal danado por incendios forestais e outras catástrofes.



	<p>Manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.</p> <p>Fomentar o uso de MFR mellorado nos montes.</p> <p>Favorecer a implantación, ampliación ou modernización de PEMES de transformación de produtos forestais.</p> <p>Impulsar o uso da biomasa forestal residual con fins enerxéticos.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Investimento total (€).</p> <p>Superficie de actuación (ha).</p> <p>Número de operacións.</p> <p>Número de beneficiarios.</p>
<b>Programas de gasto</b>	<p>713A. Mobilidade de terras agrarias improdutivas.</p> <p>713B. Ordenación das producións forestais.</p>

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.09 Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>A rendibilidade das explotacións gandeiras, así como a protección da seguridade alimentaria e da saúde pública, dependen dun xeito fundamental da situación sanitaria dos seus animais. No contexto nacional e europeo, o estatus sanitario da gandería galega en relación ás enfermidades obxecto de control obrigatorio é excelente, sendo absolutamente fundamental o seu mantemento. Sen embargo, as explotacións que desenvolven programas sanitarios voluntarios a través das agrupacións de gandeiros son aínda escasas, cando se considera que a situación sanitaria respecto ás enfermidades que abordan será fundamental no futuro para evitar trabas comerciais, ademais da importancia das notables perdas que producen no sector.</p> <p>Os programas obrigatorios de loita e control de enfermidades vexetais permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades e mantelas a niveis baixos durante estes anos. A agricultura de Galicia está baseada en pequenas explotacións que producen pequenas cantidades de produtos agrícolas, que en moitos casos se dedican ao autoconsumo e venden a parte non consumida en pequenos mercados locais. Tamén existe un pequeno grupo de explotacións máis profesionalizadas que comercializan os seus produtos a través de intermediarios. Esta baixa intensificación da agricultura permitiu manter os niveis das pragas por baixo dos que se dan en grandes explotacións intensivas.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Manter as explotacións gandeiras libres das enfermidades que se consideran erradicadas, ou detectalas precozmente se apareceran para tomar as medidas de control necesarias.</p> <p>Erradicar as enfermidades animais obxecto de control oficial que persisten na gandería galega, ou reducir a súa prevalencia a niveis que permitan declarar Oficialmente Indemnes destas enfermidades á Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Incrementar o número de explotacións integradas en Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras.</p> <p>Previr as pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e loitar contra as pragas coa destrución do material vexetal afectado.</p> <p>Apoiar ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentábeis na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Consolidar o estado sanitario da cabana gandeira galega.</p> <p>Estender os programas sanitarios voluntarios.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.09 Porcentaxe de explotacións gandeiras galegas libres de enfermidades obxecto de control oficial.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Desenvolvemento dos programas sanitarios obrigatorios.</p> <p>Fortalecemento das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras.</p> <p>Desenvolver programas oficiais de erradicación e control de organismos nocivos para os vexetais</p> <p>Utilización da xestión integrada de pragas</p> <p>Control do uso de produtos fitosanitarios autorizados</p> <p>Control los límites máximos de residuos nas producións agrarias</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	Porcentaxe de explotacións gandeiras e de gando integradas en Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira.
<b>Programas de gasto</b>	713E. Benestar animal e sanidade vexetal.



<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.10 Aumentar a renda de agricultores e gandeiros de Galicia.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (P.A.C) prevén as axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria así como ao mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais. Aínda que estas axudas alcanzan no sector agrario galego unha magnitude relativa inferior á media europea e estatal, a súa adecuada implementación e xestión ten unha incidencia crecente na renda das persoas agricultoras galegas como mecanismo de compensación das externalidades asociadas á produción agropecuaria en Galicia e a garantía da subministración aos consumidores de producións de calidade a prezos razoables.
<b>Necesidades Retos</b>	Garantía da correcta aplicación dos réximes de apoio á renda agraria establecidas no primeiro pilar da Política Agrícola Común financiados con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA)
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Garantir e incrementar a produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico e asegurando o desenvolvemento racional desta, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular, da man de obra; un nivel de vida equitativo á poboación agrícola; a estabilización dos mercados, a seguridade dos abastecementos e asegurar ao consumidor subministracións de calidade a prezos razoables.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.1.10 % de correccións financeiras respecto aos fondos xestionados con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR).
<b>Principais liñas de actuación</b>	Axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria
<b>Indicadores de produtividade</b>	% de pagamentos indebidos na xestión das axudas Taxa de erro residual determinada pola Comisión Europea anualmente na xestión das axudas do primeiro pilar da PAC, inferior ao 2%.
<b>Programas de gasto</b>	713F. Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores



<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.1.11 Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces.</b>
<b>Diagnóstico</b>	O sector da pesca xerou un valor engadido en 2012 de 1.136 millóns de euros, cifra que representa o 2,1% do PIB da C.A. e emprega a máis de 33.000 persoas (2012), das cales 2/3 corresponden coas actividades pesqueiras e acuícolas e 1/3 son empregados da industria transformadora. O peso do sector en termos de emprego chega ao 3,2 % do total de Galicia. Aínda así existe un amplo descoñecemento da relevancia económica, social e cultural da pesca que fai que non se valore axeitadamente a interconexión e relevancia que actuacións noutras áreas teñen sobre a pesca. Por outra banda a consecución da sustentabilidade na pesca, demanda un nivel de coñecementos e formación da que carecen unha parte importante dos empregados no sector que se agranda se falamos de novas tecnoloxías polo que existe un déficit estrutural de formación e información sobre a pesca no conxunto da sociedade galega aínda naquela que vive no litoral.
<b>Necesidades Retos</b>	Pór en marcha programas de actividades de formación non formal, divulgación tecnolóxica e cultural, organización sectorial e extensión pesqueira coa finalidade de elevar o nivel formativo diante dos novos desafíos e oportunidades, consolidar o recoñecemento social do pescador, contribuír a manter a tradición pesqueira, promover o relevo xeracional, mellorar a organización social e fomentar a innovación e a diversificación de actividades nas comunidades pesqueiras.
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Contar cun sector pesqueiro con organizacións operativas e eficaces</p> <p>Lograr un recoñecemento social do traballo na pesca con especial incidencia na visibilidade do traballo feminino.</p> <p>Incrementar a innovación e a diversificación nas comunidade pesqueiras</p> <p>Conseguir una maior valoración e protección do patrimonio cultural da pesca e achegar o mar a todos os sectores sociais convertendo as actividades marítima en actividades inclusivas socialmente.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	<p>IR 3.1.11.a Mellora do nivel formativo (% de participantes sobre total de pescadores),</p> <p>IR 3.1.11.b Mellora do nivel de igualdade (% de poboación feminina sobre total de pescadores)</p>
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Apoio e asistencia técnica as organizacións sectoriais.</p> <p>Actividades de formación.</p> <p>Actividades de divulgación.</p> <p>Apoio ás iniciativas sociais arredor dun mar inclusivo</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Número de proxectos en materia de formación.</p> <p>Número de actividades de divulgación.</p> <p>Número entidades apoiadas.</p> <p>Número de cursos e alumnos participantes.</p>
<b>Programas de gasto</b>	722A. Promoción social e divulgación da Tecnoloxía Pesqueira.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>do</b>	<b>OE.3.1.12 Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible.</b>
<b>Diagnóstico</b>		<p>A frota pesqueira con porto base en Galicia supón, aproximadamente, un 48,95 % da frota nacional e o 5,17% da frota europea. A maioría destes barcos son de pequeno tamaño, o que implica unha grande presión sobre os recursos que viven nas augas interiores. Hai unha grande variedade de especies capturadas e o seu valor económico é alto.</p> <p>A costa galega é un lugar idóneo para a acuicultura, tanto para a produción de moluscos como para a de peixes, para o que se require a utilización de diferentes métodos de produción segundo o tipo de cultivo que se trate e a zona onde se localice. A acuicultura mariña representa, aproximadamente, o 86,95 % da produción total española e, aproximadamente, o 20% da europea. As forzas que impulsan a sostibilidade da acuicultura galega son a alta calidade dos seus produtos e as condicións oceanográficas, alén de ser unha alternativa ás limitadas capacidades da produción da pesca extractiva.</p> <p>Os prezos en primeira venda en certos produtos, aínda tendo unha tendencia xeral positiva, continúan a ser baixos. A presentación dos produtos frescos amosa unha escasa adecuación ás demandas que están adoptando os consumidores. Actualmente é escasa e pouco clarificadora a información á persoa consumidora. En relación aos produtos certificados, constátase unha existencia minoritaria dos mesmos e unha dificultade, con tendencia a diminuír, na identificación de produtos ao longo da cadea comercial.</p> <p>A industria de transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca en Galicia ten un peso específico importante, pois constitúe un dos seus sectores estratéxicos. Estas industrias, que tradicionalmente forman parte do tecido socioeconómico galego, teñen que afrontar grandes retos debido ás condicións de competitividade dentro do mercado internacional.</p>
<b>Necesidades Retos</b>		<p>Protección dos recursos pesqueiros e do medio ambiente.</p> <p>Potenciar medidas que aumenten a competitividade, a produción e fomenten a internacionalización dos produtos pesqueiros e da acuicultura.</p> <p>Poñer en marcha instrumentos financeiros.</p> <p>Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.</p> <p>Fomentar a comercialización de produtos obtidos con métodos que teñan un baixo impacto no medio ambiente .</p> <p>Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>		<p>Conseguir unha diminución das capturas non desexadas.</p> <p>Diminuír a pegada de carbono empregado para a cantidade de produtos pesqueiros</p> <p>Incrementar e manter o emprego no sector da pesca ou actividades complementarias</p> <p>Diminuír os accidentes relacionados co traballo.</p> <p>Incrementar o volume de produción e o beneficio neto nas empresas do sector pesqueiro.</p> <p>Incremento do volume de produción de acuicultura sostible.</p> <p>Aumentar o nº de asociados ás Organizacións de Produtores (OOPP). Mellorar a presenza no exterior das empresas do sector pesqueiro.</p> <p>Mellorar a competitividade dos produtos da pesca e da acuicultura ligados a estándares de calidade.</p> <p>Mellorar a trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura a través de medios telemáticos.</p> <p>Mellorar a calidade certificada ou marcas de calidade.</p>
<b>Indicador resultado</b>	<b>de</b>	<p>IR 3.1.12.a Valor engadido bruto (VEB) do sector pesqueiro.</p> <p>IR 3.1.12.b Porcentaxe sobre PIB do saldo da balanza comercial do sector pesqueiro.</p>
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<b>co</b>	
<b>Principais liñas de actuación</b>		<p>Equilibrar as capacidades pesqueiras ás posibilidades de pesca.</p> <p>Fomentar a competitividade e viabilidade das empresas do sector da pesca e acuicultura.</p>



	<p>Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluído o aumento da eficiencia enerxética e a transferencia de coñecemento.</p> <p>Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a transferencia e a transferencia de coñecemento no ámbito da acuicultura.</p> <p>Protección e restauración da biodiversidade acuática e a potenciación dos ecosistemas e fomento dunha acuicultura eficiente</p> <p>Fomento dunha acuicultura con elevado nivel de protección do medio ambiente, promoción da saúde e benestar animais e da saúde e protección públicas</p> <p>Incentivación dos investimentos nos sectores da transformación e a comercialización.</p> <p>Mellorar a organización dos mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.</p>
<p><b>Indicadores de produtividade</b></p>	<p>Número de proxectos de parada permanente.</p> <p>Número de proxectos de parada temporal</p> <p>Número de proxectos de apoio á innovación, aos servizos de asesoramento e asociacións con científicos.</p> <p>Número de proxectos de reempazamento e modernización de motores.</p> <p>Número de proxectos en investimentos produtivos en acuicultura.</p> <p>Número de proxectos de mellora do capital humano e fomento de novas empresas de acuicultura.</p> <p>Número de proxectos de apoio á transformación.</p> <p>Número de proxectos de mellora do capital humano, diversificación e novas formas de ingresos posta en marcha por xoves pescadores.</p> <p>Número de proxectos acollidos a instrumentos financeiros.</p> <p>Número de produtores asociados ás OOPP.</p>
<p><b>Programas de gasto</b></p>	<p>723A. Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.</p> <p>723B. Regulación das producións e dos mercados da pesca.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	<b>OE.3.1.13 Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible.</b>
Diagnóstico	As zonas pesqueiras enfróntanse con problemas que inclúen o despoboamento, envellecemento, dispersión territorial, declive económico, degradación ambiental, dificultades de reposición laboral ou paro e déficit de servizos públicos.
Necesidades Retos	Utilizar eficientemente os recursos naturais, así como manter, conservar e recuperar o patrimonio cultural, histórico, arquitectónico, medio ambiental, e sobre todo, explotacións de forma sustentable. Expor políticas de apoio dirixidas a fixar e atraer á poboación ás zonas costeiras. Reforzar a gobernanza local a través dos GALP. Mellorar a competitividade do sector da pesca e a acuicultura, con obxecto de manter e crear novos empregos no sector. Aproveitar ao máximo os mercados potenciais, que poderán ser fonte de novos postos de traballo. Apoiar actuacións dirixidas a potenciar e engadir valor ás actividades e produtos da pesca e a acuicultura.
Resultados que se pretende conseguir	Mellora da competitividade de pequenas e medianas empresas das zonas de pesca Engadir valor aos produtos da pesca e acuicultura Dinamizar as zonas pesqueiras Mellorar a formación nas zonas de pesca Promover o intercambio de experiencias e cooperación. Conservar e recuperar o patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental, valorizalo e promover a súa explotación sostible
Indicador de resultado	IR.3.1.13.a Emprego creados IR.3.1.13.b Emprego mantido IR.3.1.13.c Núm. de negocios creados
Planificación relacionada co obxectivo	As estratexias de desenvolvemento local dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro aprobadas pola consellería serán integradas e multisectoriais e recollerán os desafíos aos que responden os obxectivos e principais áreas de intervención.
Principais liñas de actuación	Mellora da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través do aumento de valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical e da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros. Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo. Fomento e aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras. Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso ós servizos básicos aos cidadáns do territorio rural agrícola e/ou pesqueiro, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras. Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais. Fomento da cooperación.
Indicadores de produtividade	Número de proxectos de axuda preparatoria Número de estratexias de implementación de desenvolvemento local Número de proxectos de cooperación
Programas de gasto	Desenvolvemento sostible das zonas de pesca



Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p><b>OI.3.1.01 Contribuír ao fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.</b></p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Actuacións de soporte aos servizos xerais de medio rural.</li><li>- Políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia.</li><li>- Apoio á innovación e fomento da calidade diferenciada no ámbito agroalimentario.</li><li>- Actuacións de soporte aos servizos xerais de políticas pesqueiras.</li></ul>	<p><b>711A 721A</b></p>

3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono.

<b>EIXE 3</b>	<b>CRECIMENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>
<b>Prioridade de actuación</b>	<b>PA.3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono</b>
<b>Retos estratéxicos</b>	<p>O reto estratéxico no eido enerxético está enfocado a acadar un axeitado equilibrio entre a competitividade global, a seguridade do aprovisionamento e a protección do medio natural. Compatibilizar estes obxectivos cun modelo enerxético sostible en termos ambientais, económicos e sociais, define as seguintes estratexias.-</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que a enerxía sexa un polo de dinamización económica de cara a favorecer o crecemento económico de Galicia.</li> <li>- Intensificar as medidas de aforro e eficiencia enerxética co gallo de incrementar a competitividade da nosa economía.</li> <li>- Diversificar as fontes enerxéticas apostando por un forte desenvolvemento do gas natural e intensificar os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos de cara a diminuír a dependencia enerxética do exterior.</li> <li>- Garantir unha subministración fiable mediante o desenvolvemento de novas Infraestruturas enerxéticas de electricidade e gas.</li> <li>- Máximo respecto ao medio natural.</li> <li>- Formación e concienciación da cidadanía para limitar a demanda enerxética.</li> <li>- Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica.</li> </ul>
<b>Planificación sectorial</b>	<p>Estratexia de Impulso á Biomasa 2014-2020.  Directrices Enerxéticas de Galicia 2015-2020.  Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética no Sector Público de Galicia 2015-2020.  <a href="#">Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.</a>  <a href="#">Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia.</a>  <a href="#">Plan de Aparcamientos Disuasorios.</a></p>
<b>Programas de gasto</b>	512A, 733A

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.2.01. Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural e promover a eficiencia no transporte de mercadorías.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>Segundo os datos recollidos no balance enerxético de Galicia para o ano 2012, o consumo enerxético do sector transporte en Galicia ascendeu a 2.510 ktep, representando este sector un 39,7% do total do consumo enerxético en Galicia. A nivel nacional, o consumo enerxético do sector transporte foi de 33.429 ktep, o 39% do total, cun descenso de algo máis dun 7% respecto dos valores do ano 2011. O maior consumo dentro do sector transporte corresponde co transporte por estrada (76%) seguido a moita distancia polo transporte aéreo (16%).</p> <p>O transporte de mercadorías supón un 4 do PIB de Galicia, dedícanse a el máis de 11.700 empresas e uns 30.000 vehículos, cunha capacidade de carga que representa o 7% da total española, e constitúe un elemento determinante para a mellora da competitividade da economía produtiva galega</p> <p>No relativo aos datos de transporte de viaxeiros, nas áreas metropolitanas contempladas dentro do Plan Metropolitano de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo), o número de usuarios do transporte metropolitano no ano 2014 (billetes vendidos) foi de 10.924.951.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Mellorar a mobilidade e a accesibilidade nas áreas metropolitanas.</p> <p>Mellorar a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte público de viaxeiros, en especial nas áreas metropolitanas.</p> <p>Acadar unha maior eficiencia e competitividade do sector galego de transporte público de mercadorías</p> <p>Modernizar os sistemas de información aos usuarios do transporte público de viaxeiros.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Incrementar a utilización do transporte público colectivo e modificar os hábitos de mobilidade das persoas cara unha menor utilización do vehículo privado, poñendo a disposición dos usuarios medidas e infraestruturas destinadas a fomentar a mobilidade alternativa e a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte, e a mellora da competitividade do sector de transporte público de mercadorías.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.2.01. Número de usuarios que utilizan o transporte metropolitano en autobús en Galicia dentro das áreas constituídas ao efecto en aplicación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia .
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.</a> <a href="#">Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia.</a> <a href="#">Plan de Aparcamientos Disuasorios.</a>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia</p> <p>Implantar un sistema de transporte intelixente no transporte público metropolitano e interurbano de viaxeiros por estrada.</p> <p>Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano nos principais núcleos de poboación de Galicia.</p> <p>Promoción da mellora da formación no ámbito do transporte de mercadorías.</p> <p>Optimización do funcionamento da Xunta Arbitral do Transporte de Galicia.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Tarxetas de transporte metropolitano emitidas</p> <p>Concellos adheridos ao plan de transporte metropolitano</p> <p>Poboación cuberta por servizos de transporte intelixente /Servizos de transporte á demanda definidos.</p> <p>Actuacións e medidas de intermodalidade executadas.</p>



	Cursos de formación no ámbito do transporte de mercadorías que se celebren. Número de reclamacións formuladas ante a Xunta Arbitral do Transporte de Galicia, e tempo de resolución.
Programas de gasto	512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE
Xestores	Dirección Xeral de Mobilidade



<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.2.02. Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Galicia presenta unha elevada dependencia enerxética do exterior, debido a que unha porcentaxe alta do consumo de enerxía primaria procede da enerxía fornecida polo petróleo. Esta situación prodúcese a pesar do papel relevante das enerxías renovables na xeración de enerxía eléctrica en Galicia, dado que a electricidade bruta de orixe renovable representa en torno ao 55 % do total de electricidade bruta xerada na Comunidade; aínda así, a porcentaxe de enerxía primaria autóctona de orixe renovable respecto da enerxía primaria total consumida en Galicia é do 19%.
<b>Necesidades Retos</b>	Articular a cadea de valor dende a consecución do recurso (no monte, explotacións forestais, industriais madeireiras) ata a fabricación do combustible (plantas de pellets, estelas, etc), pasando pola adaptación das tecnoloxías de aproveitamento térmico da biomasa (fabricación de caldeiras e compoñentes) e a difusión das súas vantaxes para o usuario final (industria, servizos, particulares).
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Aumentar o peso das renovables no mix enerxético para garantir o cumprimento dos obxectivos vinculantes en materia de renovables para o ano 2020 e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono, mediante o fomento de produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables.  En particular, crear unha auténtica industria da biomasa que englobe dende os propietarios do monte ata o usuario final, ben sexa particular, empresa ou Administración Pública (con medidas de fomento para a instalación de caldeiras).
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.2.02. Capacidade de produción e distribución de enerxías renovables para usos térmicos en ktep.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	Estratexia de Impulso á Biomasa 2014-2020 Directrices Enerxéticas de Galicia 2015-2020
<b>Principais liñas de actuación</b>	Instalacións de xeración de calor distribuído. Instalación de grandes caldeiras industriais e proxectos integrais que aproveiten a biomasa como recurso renovable autóctono dentro das administracións e os sectores industrial e de servizos. Uso das tecnoloxías de aproveitamento térmico da biomasa para particulares.
<b>Indicadores de produtividade</b>	Capacidade adicional para producir enerxía renovable en MW.
<b>Programas de gasto</b>	733A. Eficiencia enerxética e enerxías renovables.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.2.03. Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos, avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Galicia presenta unha intensidade enerxética primaria que case duplica o valor medio da media da UE (208 ktep por 1.000 €, en 2013, fronte a 121 ktep por 1.000 €). A pesar de que a tendencia é descendente, segue en niveis excesivamente elevados. Ademais, as emisións de gases efecto invernadoiro están, en 2012, 26 puntos por encima do obxectivo 2020.
<b>Necesidades Retos</b>	Mellorar a competitividade das empresas reducindo os custos enerxéticos a través dunha maior eficiencia enerxética. Reducir o consumo enerxético das infraestruturas públicas, incluíndo os edificios.
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Redución da intensidade enerxética do tecido empresarial, promover o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas e a procura da eficiencia mediante o aforro enerxético no ámbito empresarial. Aumento substancial do aforro e a eficiencia enerxética nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas de protección oficial. Adicionalmente, tamén se pretende fomentar a redución de emisións de CO2 na liña da estratexia europea 2020.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.2.03. Intensidade enerxética final.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética no Sector Público de Galicia 2015-2020. Directrices Enerxéticas de Galicia 2015-2020.
<b>Principais liñas de actuación</b>	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos, por exemplo: renovación de caldeiras de derivados de petróleo por outras máis eficientes ou por bombas de calor aerotérmicas ou xeotérmicas; substitución da iluminación actual por outra de maior eficiencia, principalmente tecnoloxía LED; incorporación de intercambiadores de calor para o aproveitamento de enerxías residuais; instalación de variadores de frecuencia en motores; renovación de maquinaria industrial de proceso; renovación de instalacións auxiliares como compresores de aire o centrais de frío; implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellora da xestión da enerxía na empresa. Realización de estudos de implantación e impulso e apoio á execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética, que inclúe a implantación de medidas de aforro e eficiencia enerxética en edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias de Galicia.
<b>Indicadores de produtividade</b>	Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas. Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos.
<b>Programas de gasto</b>	733A. Eficiencia enerxética e enerxías renovables.

### 3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados

EIXE 3	CRECIMENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Prioridade de actuación	<b>PA.3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados</b>
Retos estratéxicos	<p>Para conseguilo, o Plan integral de turismo de Galicia aposta por incrementar os niveis de innovación e de competitividade nun sector en plena revolución polo uso das TICS, polo deseño dunha oferta turística singular e pola implicación do conxunto da cidadanía no obxectivo da captación de visitantes.</p> <p>Desta forma, avoga pola promoción e a posta en valor deses recursos turísticos, entre os que destacan:</p> <p>A sustentabilidade ambiental, que vén dada por ter máis do 12% do territorio protexido, cos reclamos do Parque Nacional das Illas Atlánticas, as 6 reservas da biosfera e os 59 lugares de importancia comunitaria;</p> <p>A auga e a gastronomía: representadas polas praias, as rías, os ríos, as augas termais, os restaurantes con distincións e os produtos enogastronómicos con distintivos de calidade;</p> <p>A dimensión internacional do Camiño de Santiago;</p> <p>A riqueza do patrimonio artístico e cultural, na cal destacan catro declaracións de patrimonio da humanidade pola Unesco;</p> <p>O Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016 detalla o desenvolvemento de 164 actuacións en 37 programas articulados en torno a seis eixes estratéxicos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Facer do camiño un eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e un modelo demostrador internacional;</li> <li>2. Reforzar a oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxeos diferenciais, buscando desestacionalizar e captar novos públicos;</li> <li>3. Consolidar Galicia como destino ambiental, social e economicamente sustentable;</li> <li>4. Fomentar o talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente;</li> <li>5. Promocionar e comercializar Galicia como destino único baseado nun modelo á demanda e</li> <li>6. Promover o consenso e a cooperación entre o sector público e privado para un marco eficiente e xerador de oportunidades.</li> </ol>
Planificación sectorial	<a href="#">Plan Integral de Turismo de Galicia.</a> Plan Director do Camiño.
Programas de gasto	761A

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE 3.3.01. Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>A oferta turística en Galicia está formada, a finais de 2013, por 3.002 aloxamentos turísticos que ofrecen case 129.000 prazas. Os viaxeiros que visitaron Galicia e se aloxaron en establecementos turísticos superaron a cifra de 4 millóns en 2014, que representa o 3,8% do total en España. O 74% dos viaxeiros en Galicia son residentes. A evolución nos últimos anos do número de viaxeiros, amosa unha recuperación desde 2012. Os pesos dos mercados están repartidos entre 25,6% internacional, 53,4% nacional e 21% galegos. A preferencia da visita do mercado internacional sitúase nas tempadas medias abril, maio xuño e outubro, mentres que o nacional concéntrase na tempada alta.</p> <p>A estadía media sitúase en 6,07 días.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Posicionar a Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional.</p> <p>Consolidar Galicia como destino multiexperencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.</p> <p>Acadar un modelo turístico sustentable.</p> <p>Afianzar un sector turístico galego competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional.</p> <p>Desestacionalizar a actividade turística e lograr un maior gasto por turista.</p> <p>Incrementar a calidade da oferta.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	<p>Aumentar o número de turistas nacionais e internacionais que visitan a nosa Comunidade Autónoma, así como a súa estadía media.</p> <p>Equilibrar os pesos dos distintos mercados para lograr unha maior desestacionalización. Incremento do mercado internacional con preferencia en tempada media ou baixa e incremento do mercado interno que posúe unha maior accesibilidade durante todo o ano.</p> <p>Incrementar o gasto medio mediante unha mellora da calidade dos produtos ofrecidos, incrementando a competitividade e a sustentabilidade.</p>
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.3.01 Pernoitas en establecementos turísticos.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Plan Integral de Turismo de Galicia.</a></p> <p>Plan Director do Camiño.</p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia.</p> <p>Actuacións de apoio e de formación ao sector para incremento de estándares de calidade.</p> <p>Inclusión das novas tecnoloxías na difusión e na experiencia do turismo en Galicia.</p> <p>Actuacións sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos.</p> <p>Desenvolvemento e promoción de recursos turísticos naturais e culturais.</p> <p>Liñas de colaboración con outras administracións e o sector turístico privado para a mellora, fortalecemento, complementariedade e promoción da oferta turística de Galicia.</p> <p>Apoio a mellora da accesibilidade aos recursos turísticos.</p> <p>Apoio ao desenvolvemento, dinamización e excelencia turística nos distintos territorios de Galicia, a través dos plans de apoio aos xeodestinos.</p>
<b>Principais indicadores de produtividade</b>	<p>Accións de promoción de produtos turísticos.</p> <p>Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago.</p>
<b>Programas de gasto</b>	761A. Potenciación e promoción do turismo.

### 3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe

<b>EIXE 3</b>	<b>CRECIMENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>
<b>Prioridade de actuación</b>	<b>PA.3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe</b>
<b>Retos estratéxicos</b>	<p>A conservación do medio e a paisaxe son bens dun alto valor para a nosa comunidade autónoma que ordenados e postos en valor son fontes de riqueza e de calidade de vida.</p> <p>Por iso, os retos estratéxicos neste eido pasan por desenvolver as Directrices de Ordenación do Territorio, que teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As determinacións das DOT estableceron unha senda a seguir e perfilaron un escenario de futuro, que baixo unha perspectiva de sostibilidade, aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia, eliminando disparidades territoriais, o cal está contribuíndo ademais a unha maior eficiencia do sistema produtivo, así como a protección e posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico e a eficiencia ambiental en todos os procesos.</p> <p>Dispor deste modelo de ordenación favorece unha gobernanza máis coordinada e eficaz, pois permite orientar aos restantes instrumentos de ordenación territorial e urbanismo, así como ás iniciativas sectoriais, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e co papel que cada ámbito debe desenvolver nesa estratexia común.</p> <p>Ademais, cómpre impulsar as actuacións conducentes ao mantemento e recuperación dun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese para a conservación, tendo en conta as exigencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. Trátase tamén de desenvolver directrices e medidas coherentes cos seus obxectivos de conservación, así como facer compatible a protección e conservación do desenvolvemento socioeconómico dos municipios incluídos no ámbito da rede natura, pero tamén no resto de territorios da comunidade autónoma.</p> <p>Así mesmo, co fin de protexer e preservar os elementos máis significativos e característicos das diferentes paisaxes da nosa Comunidade Autónoma; as estratexias en materia paisaxística tentan ordenar, a través de accións tendentes a mellorar, restaurar ou rexenerar as paisaxes; e xestionar dende unha perspectiva de uso sostible do territorio mediante iniciativas que guíen as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e ambientais.</p> <p>A Estratexia da Paisaxe de Galicia sinala as liñas mestras para o desenvolvemento dos instrumentos propios previstos na Lei da Paisaxe (7/2008, de 7 de xullo). Esta Estratexia, na súa planificación 2014-2016 sinala como prioritarias as seguintes liñas de actuación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.</li> <li>2. Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno.</li> <li>3. Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral.</li> </ol>
<b>Planificación sectorial</b>	<p><a href="#">Plan de Ordenación do Litoral.</a></p> <p><a href="#">Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio.</a></p> <p><a href="#">Estratexia da Paisaxe de Galicia.</a> Planificación 2014-2016</p> <p><a href="#">Plan director da rede natura 2000 Galicia.</a></p> <p><a href="#">Plan de Seca.</a></p> <p><a href="#">Plan Auga 2010-2025.</a></p> <p><a href="#">Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.</a></p> <p>Plans de Ordenación dos recursos naturais do Parque Nacional e dos seis Parques Naturais declarados en Galicia.</p> <p>Plan de conservación das especies ameazadas e Plan de recuperación de especies en perigo de</p>



	<p>extinción.</p> <p>Plans reitores de uso e xestión dos parques e plans de conservación específicos por espazo.</p> <p>Plan Proxecta.</p> <p>Plan Galego de Cartografía (en proceso de elaboración).</p> <p>Atlas das Paisaxes de Galicia – Catálogos e Directrices (en elaboración)</p> <p>Plan Territorial Integrado da Bacía do Eume (en elaboración)</p>
Programas de gasto	511A, 521A, 541A, 541B, 541E

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.4.01. Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>Nas últimas décadas produciuse unha notable expansión urbana, ocasionando novas formas de ocupación do territorio. Os territorios rurais sufriron un forte transvase de poboación e de actividades económicas cara aos contornos urbanos e as cabeceiras comarcais, nun proceso común a todas as rexións e países do contorno. Hoxe Galicia é fundamentalmente urbana; o 51,8% da poboación vive en zonas densamente poboadas ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alto e ocupa o 6,4% da superficie do territorio galego. Nas zonas cun grao de urbanización, que poderíamos definir como intermedio, vive o 29,9% da poboación nun 23,0% da superficie. A zona rural galega ocupa o 70,6% da superficie, pero só ten o 18,3% da poboación.</p> <p>Para acadar a cohesión territorial resulta necesario que no rural se executen medidas e accións encamiñadas á redución do proceso actual de despoboamento, á harmonización do desenvolvemento urbano e ao fortalecemento dos núcleos tradicionais.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Establecer as zonas urbanas como marcos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos de ámbitos supramunicipais fortemente ocupados e con intensos lazos funcionais.</p> <p>Articular a formación de agrupacións voluntarias de concellos para a cooperación supramunicipal. Consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio. Consolidar unha rede de núcleos de pequeno e mediano tamaño, con capacidade para asegurar a viabilidade demográfica e a xestión de procesos de desenvolvemento de todos os municipios.</p> <p>Potenciar os núcleos rurais de Galicia, outorgando prioridade á súa rehabilitación.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo. Adaptar a lexislación urbanística as novas demandas de implantación de usos e de remate das zonas periurbanas e fomentar a protección do solo.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.4.01. Superficie do territorio ordenada con criterios de eficiencia e sustentabilidade.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Completar o planeamento xeral da toda a Comunidade Autónoma.</p> <p>Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación.</p> <p>Programación e impulso da tramitación telemática dos instrumentos de planificación e proxectos en materia de urbanismo</p> <p>Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Plans aprobados.</p> <p>Plans en elaboración.</p> <p>Estudos, proxectos, informes e/ou ditames en materia de urbanismo e ordenación do territorio e litoral.</p> <p>Actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais.</p> <p>Aplicacións desenvolvidas.</p>
<b>Programas de gasto</b>	521A. Urbanismo.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.4.02. Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable.</b>
<b>Diagnóstico</b>	Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia, e unha das claves para o desenvolvemento territorial. Neste sentido, será preciso buscar un desenvolvemento equilibrado, entre o máximo aproveitamento dos seus recursos e a conservación do patrimonio natural e cultural. Galicia atópase na media estatal en canto a superficie declarada como espazo natural protexido (12,05% fronte ao 12,38% estatal). En canto á Rede Natura 2000, Galicia ten declarado o 11,86% do seu territorio como espazo protexido Natura 2000 fronte ao 27% da media estatal.
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Compatibilizar as actividades económicas coa protección dos espazos protexidos, dos hábitats e das especies.</p> <p>Combater o abandono do rural que propicia, entre outras cousas, a aparición de lumes que menoscaban o patrimonio natural.</p> <p>Loitar contra o cambio climático favorecendo o mantemento nun estado de conservación adecuado dos espazos e garantindo a calidade de vida e a saúde das persoas.</p> <p>Posta en valor das actividades que se desenvolven na área socioeconómica dos espazos protexidos. Promoción dun turismo sustentable.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Asegurar a conservación da biodiversidade, mediante medidas que garantan a mellora do estado dos hábitat e das especies, consolidando un modelo sustentable de explotación das áreas protexidas que garanta o mantemento dos espazos protexidos e sirva de sustento á poboación que vive e traballa neles.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.4.02. Superficie de hábitats subvencionados para alcanzar un mellor estado de conservación.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Plan director da rede natura 2000 Galicia.</a></p> <p>Plans de Ordenación dos recursos naturais do Parque Nacional e dos seis Parques Naturais declarados en Galicia.</p> <p>Plan de conservación das especies ameazadas e Plan de recuperación de especies en perigo de extinción.</p> <p>Plans reitores de uso e xestión dos parques e plans de conservación específicos por espazo.</p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Desenvolvemento de proxectos para o mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas o medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural.</p> <p>Accións para a mellora dos hábitats, da paisaxe rural e do desenvolvemento de actividades tradicionais.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Número de axudas en materia de conservación da natureza.</p> <p>Número de actuacións desenvolvidas en zonas Rede Natura 2000.</p> <p>Número de proxectos de carácter medioambiental.</p>
<b>Programas de gasto</b>	541B. Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural.



<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.4.03. Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>Unha das principais características de Galicia é a súa riqueza paisaxística. A súa situación xeográfica no planeta, a proximidade do océano e a existencia das altas serras orientais, unha contrastada morfoloxía, os milleiros de ríos que sucán este territorio, a presenza de rocas graníticas e pizarrosas, así como un variado mosaico climático e unha elevada diversidade biolóxica, configuran unha riqueza paisaxística única e irrepetible. Na paisaxe galega, atópanse unha multitude de elementos tradicionais arquitectónicos de gran valor patrimonial, como son camiños rurais, elementos arquitectónicos, patróns de antigos asentamentos, etc. Un dos elementos máis destacados é o Camiño de Santiago onde se aglutinan patrimonio natural, cultural e espiritual.</p> <p>Este patrimonio abundante, rico e diverso, non só debe ser respectado nas actuacións que se realicen, senón que é merecedor de ser posto en valor con actuacións específicas ou integradas noutras de alcance transversal. Ademais é unha das claves para o desenvolvemento territorial.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Integrar a paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.</p> <p>Mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais e o seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Contribuír a que a cidadanía en xeral e a comunidade educativa en particular adquira cultura sobre a sustentabilidade territorial e sensibilización sobre o medio ambiente, e en particular sobre a paisaxe. Establecer catálogos e directrices da paisaxe, con carácter vinculante en urbanismo, co obxecto de protexer, xestionar e ordenar a paisaxe de Galicia. Elaborar, manter e actualizar a información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais que contribúan a protección da paisaxe e o seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.4.03. Superficie de paisaxe catalogada.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio.</a></p> <p><a href="#">Plan de Ordenación do Litoral.</a></p> <p><a href="#">Estratexia da Paisaxe de Galicia.</a></p> <p><a href="#">Plan Proxecta</a></p> <p>Plan Galego de Cartografía (en proceso de elaboración).</p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio.</p> <p>Aprobación do Atlas das Paisaxes de Galicia contendo os Catálogos de Paisaxe e as Directrices de Paisaxe de Galicia.</p> <p>Plans Territoriais Integrados.</p> <p>Formación e divulgación en materia de territorio, paisaxe e sustentabilidade.</p> <p>Xestión da Infraestrutura de datos espaciais (IDEG) e do Sistema de información xeográfica (SIX).</p> <p>Aprobación do Plan galego de cartografía e do Plan de fondo documental e información territorial que incluírá o Rexistro de cartografía de Galicia e unha Cartoteca.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Campañas de educación ambiental desenvolvidas.</p> <p>Actuacións de estudo, difusión e promoción.</p> <p>Hectáreas cartografadas.</p> <p>Superficie de ortofoto.</p>
<b>Programas de gasto</b>	541E. Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.4.04. Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>As características naturais en termos xeográficos da comunidade galega (autonomía con máis quilómetros de costa, 19,6% do total nacional), forestais (o 22% da biomasa arbórea nacional está en Galicia) e climáticos, convértena nun territorio especialmente exposto ao cambio climático. Entre os riscos concretos derivados de cuestións ambientais, que se ven aumentados pola influencia do cambio climático, debería destacarse o elevado impacto dos incendios forestais ou as inundacións.</p> <p>A situación actual caracterízase porque o estado da calidade do aire ambiente en Galicia é moi bo, xa que os valores de concentración rexistrados nas estacións que conforman a Rede Galega, tanto nas urbanas como nas industriais, cumpren con requisitos legais e non se rexistraron superacións dos valores límite en máis ocasións das permitidas. Por outra banda, fronte ao obxectivo da Estratexia Europa 2020 de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro de 100 a 80 en relación ao ano de referencia (1990), o valor galego no ano 2012 é de 106,3 fronte a 119,1 do conxunto español. No relativo á calidade da auga, cabe destacar que esta vese afectada polos efluentes urbanos, os industriais e os contaminantes agrarios e que o seu estado en xeral en Galicia pode cualificarse de bo.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Avaliar a calidade do aire ambiente. Avaliar os riscos que supón a contaminación atmosférica para a vexetacións e os ecosistemas naturais. Impulsar a modelización numérica da calidade do aire e a predición de sucesos especialmente contaminantes.</p> <p>Control dos fenómenos adversos derivados de precipitacións. Mellora nas redes de Observación Ambiental para poder predicir correctamente os adversos meteorolóxicos e manter informada a poboación. Impulso da investigación en meteoroloxía e oceanografía así coma en prevención de riscos naturais.</p> <p>Potenciar unha cultura medioambiental. Reducir o impacto das actividades no medio ambiente.</p> <p>Mellorar a avaliación ambiental. Fomentar nas empresas as novas tecnoloxías dirixidas á prevención e redución da contaminación.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Con este obxectivo preténdese garantir o bo estado do medio ambiente en Galicia de forma que se minimicen os impactos negativos do desenvolvemento económico sobre o medio natural e calidade de vida da poboación.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.4.04. Poboación exposta a calidade do aire mala ou mellorable.
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<a href="#">Plan de Ordenación do Litoral.</a> <a href="#">Plan de Seca.</a> <a href="#">Plan Auga 2010-2025.</a> <a href="#">Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.</a> <a href="#">Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio.</a>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Adquisición e calibración de equipos de calidade do aire, meteorolóxicos e oceanográficos.</p> <p>Desenvolvemento de ferramentas de detección precoz relacionadas coa prevención e xestión de riscos.</p> <p>Elaboración de análises sectoriais sobre a adaptación ao cambio climático en Galicia en liña co previsto polo Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático.</p> <p>Incremento da actividade e o ámbito de actuación da rede de observación ambiental.</p> <p>Análise e avaliación da incidencia da actividade humana sobre o medio ambiente.</p> <p>Desenvolvemento de proxectos innovadores de observación e control ambiental.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Estacións de medida da calidade do aire.</p> <p>Instalacións de seguimento e control creadas de calidade da auga.</p> <p>Proxectos realizados no eido ambiental.</p> <p>Visitas á páxina web.</p>
<b>Programas de</b>	541E. Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade.



gasto



Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p><b>OI.3.4.01 Contribuír á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe.</b></p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Actuacións de soporte aos servizos xerais de territorio e infraestruturas.</li><li>- Actuacións de soporte aos servizos xerais de medio ambiente.</li></ul>	<p><b>511A</b></p> <p><b>541A</b></p>

### 3.5. Pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

<b>EIXE 3</b>	<b>CRECIMENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>
<b>Prioridade de actuación</b>	<b>PA.3.5. Pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa</b>
<b>Retos estratéxicos</b>	<p>O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara a un novo escenario máis sostible e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e a valorización dos residuos</p> <p>Nas estratexias a desenvolver polo Plan inclúense os seguintes obxectivos principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia, en canto ao peso pero tamén en volume, diversidade e perigo, separando a produción de residuos do crecemento económico.</li> <li>- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe</li> <li>- Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais</li> <li>- Potenciar as recollidas comerciais en orixe</li> <li>- Potenciar o mercado da reciclaxe</li> <li>- Garantir a complementariedade de modelos</li> <li>- Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar os residuos xerados e para acadar os obxectivos e potenciar desta maneira a organización territorial e a capacitación de técnicos, baixo os criterios de suficiencia e proximidade, viabilidade económica e ambiental</li> <li>- Minimizar a vertedura final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables</li> <li>- Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores</li> <li>- Garantir a calidade e transparencia da información</li> <li>- Acomodar o Sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un elemento máis, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade, o ruído, etc.</li> <li>- Previr a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados</li> </ul> <p>No que atinxe ao ciclo da auga, o seu perfeccionamento é vital para Galicia, comunidade autónoma non insular con máis km de costa e que conta cun importante sector produtivo vinculado ao mar e as rías (pesca, marisqueo e acuicultura). As actuacións sobre o ciclo da auga tentan garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e das augas, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando as dispoñibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos, en harmonía co medio ambiente e os demais recursos naturais.</p> <p>Para a consecución destes obxectivos, a planificación hidrolóxica guíarase por criterios de sustentabilidade no uso da auga, mediante a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, prevención do deterioro do estado das augas, protección e mellora do medio acuático e dos ecosistemas acuáticos e redución da contaminación. Do mesmo xeito, a planificación hidrolóxica contribuirá a paliar os efectos de enchentes e secas.</p> <p>Unha vez executado o plano hidrolóxico ata 2015, queda rematar as grandes Infraestruturas de depuración de Vigo e Santiago, xa en construción e o complexo de Praceres, despois os esforzos volcaranse en mellorar o tratamento das augas captadas co gallo de mellorar a calidade xeral do estado das augas.</p> <p>Estas actuacións complementáanse coas de abastecemento dedicadas a optimizar a eficiencia da rede e o plan da seca e de prevención de inundacións.</p>



<b>Planificación sectorial</b>	<p><a href="#">Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.</a></p> <p><a href="#">Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013-2016.</a></p> <p><a href="#">Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia 2013-2016.</a></p> <p><a href="#">Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.</a></p> <p><a href="#">Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015</a></p> <p><a href="#">Plan Auga 2010-2025.</a></p> <p><a href="#">Plan de Seca.</a></p> <p><a href="#">Plan de Control de Vertidos de Galicia-Costa.</a></p> <p>Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas.</p> <p><a href="#">Plan de Riscos de Inundación.</a></p>
<b>Programas de gasto</b>	541D, 542A, 542B

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.5.01. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>A media de residuos municipais xerados na UE en 2012 foi de 492 kg por habitante e ano, e de 464 en España. Fronte a isto, en Galicia situouse nos 396 kg por habitante e ano, o que pon de manifesto a reducida xeración con respecto á media europea e nacional.</p> <p>En canto á xestión das máis de 247 millóns de toneladas xeradas na UE: o 42% recíclase, o 24% incínérase e mándase a vertedoiro o 34%. En España dos case 22 millóns de toneladas xeradas o 30% destínase a reciclaxe, o 10% a incineración e o 60% a vertedura. En Galicia, do máis dun millón de toneladas xeradas só o 18% recíclase, o que a sitúa aínda lonxe dos niveis europeos e estatais. O 49% incínérase e o 33% envíase a vertedoiro.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Evitar a saturación das plantas de tratamento de residuos urbanos que impide a reciclaxe e a valorización dunha porcentaxe elevada dos residuos.</p> <p>Impulsar a recollida selectiva de residuos.</p> <p>Eliminar os puntos de vertedura incontrolada en todo o territorio galego.</p> <p>Facilitar a comercialización do produto resultante do tratamento de residuos.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Alcanzar os obxectivos determinados pola Directiva 2008/98/CE e a Lei 22/2011 de residuos e solos en materia de prevención, reutilización e reciclaxe.
<b>Indicador de resultado</b>	<p>IR 3.5.01.a. Porcentaxe do volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre a produción de residuos domésticos.</p> <p>IR 3.5.01.b. Porcentaxe de redución da produción total de residuos domésticos</p>
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.</a></p> <p><a href="#">Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013-2016.</a></p> <p><a href="#">Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia 2013-2016.</a></p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Aumentar a capacidade, eficiencia, eficacia e flexibilidade das instalacións de xestión de residuos.</p> <p>Promoción e optimización da redución dos residuos xerados, promoción da reutilización e alongamento da vida útil dos produtos.</p> <p>Implantación de sistemas que garantan un alto nivel de recollida selectiva, separación, reciclado e tratamento de residuos.</p> <p>Control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos.</p> <p>Control do cumprimento das condicións ambientais establecidas nas instalacións e operativa dos produtores e xestores e da rastrexabilidade de residuos.</p> <p>Actuacións en educación ambiental para promover a reciclaxe nas empresas e nos fogares. Medidas destinadas á restauración de áreas degradadas.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Plantas de transferencia e/ou tratamento de residuos creadas.</p> <p>Capacidade adicional de recollida e transporte de Residuos Sólidos Urbanos (Tm/ano).</p> <p>Capacidade adicional no tratamento e a xestión dos residuos comerciais, industriais ou perigosos (Tm/ano).</p> <p>Superficie de solo rehabilitado (ha).</p>
<b>Programas de gasto</b>	541D. Control ambiental e xestión de residuos.

<b>Título do Obxectivo estratéxico</b>	<b>OE.3.5.02. Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estado das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga co ciclo do uso da auga, contando coa participación da cidadanía, nun marco de sustentabilidade que teña en conta os retos do cambio climático.</b>
<b>Diagnóstico</b>	<p>En Galicia, o ciclo natural da auga presenta destacadas especificidades en confrontación con outras zonas de España; existe unha multitude de pequenos ríos e de ecosistemas acuáticos ou ligados á auga de gran valor.</p> <p>En xeral, a calidade de augas, tanto superficiais, como subterráneas, é boa. Os datos dos plans hidrolóxicos de conca recentemente aprobados para as catro demarcacións hidrográficas nas que se divide o territorio galego revelan, por exemplo, que das 750 masas de auga superficiais en Galicia, un 66,9% alcanzan o bo estado ecolóxico.</p> <p>Existen tamén en Galicia grandes especificidades do ciclo do uso da auga fronte a outras zonas de España: moitas actividades económicas ligadas á auga (turismo, acuicultura, marisqueo, pesca, desenvolvemento industrial), benestar ligado á auga (necesidades de abastecemento e de saneamento nun marco de moita dispersión de poboación).</p> <p>Por último Galicia caracterízase polas súas especificidades en relación ao cambio climático: poboación asentada no entorno dos ríos ou na costa, afectada por inundacións; pouca regulación dos recursos para actuar fronte a secas.</p>
<b>Necesidades Retos</b>	<p>Terminar a extensión da rede de saneamento e acadar a máxima eficacia e eficiencia na explotación dos sistemas de saneamento e depuración para garantir o cumprimento dos requisitos das Directivas Europeas en materia de auga, especialmente nas rías con zonas de produción de moluscos bivalvos.</p> <p>Compatibilizar un bo estado das masas de auga co desenvolvemento sostible de actividades económicas ligadas á auga.</p> <p>Diminuír a vulnerabilidade fronte ós riscos derivados de fenómenos meteorolóxicos e hidrolóxicos extremos, tales como enchentes e secas. Mellorar a eficiencia, regulación e control da xestión do ciclo do uso da auga.</p> <p>Incrementar o coñecemento sobre a interrelación que existe entre o ciclo natural e o ciclo do uso da auga e colaborar cos entes competentes na execución das actuacións necesarias para desenvolver e optimizar o ciclo do uso da auga.</p> <p>Suavizar os desequilibrios territoriais.</p>
<b>Resultados que se pretende conseguir</b>	Mellorar o estado de todas as masas de auga, de tal xeito que todas as actividades que se desenvolven en torno da auga, sexan compatibles entre si e cos obxectivos medioambientais establecidos, dun xeito sostible e que teña en conta as condicións meteorolóxicas e hidrolóxicas extremas que se poden sufrir.
<b>Indicador de resultado</b>	IR 3.5.02. Porcentaxe de masas de auga que acadan ou manteñen un bo estado
<b>Planificación relacionada co obxectivo</b>	<p><a href="#">Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.</a></p> <p><a href="#">Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015</a></p> <p><a href="#">Plan Auga 2010-2025.</a></p> <p><a href="#">Plan de Seca.</a></p> <p><a href="#">Plan de Control de Vertidos de Galicia-Costa.</a></p> <p>Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas.</p> <p><a href="#">Plan de Riscos de Inundación.</a></p>
<b>Principais liñas de actuación</b>	<p>Aumentar a transparencia na xestión dos recursos hídricos, promover a participación pública para acadar unha maior gobernanza.</p> <p>Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso ós servizos básicos de abastecemento e saneamento e depuración os cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos</p>





	<p>investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.</p> <p>Reducir a vulnerabilidade da poboación e das instalacións relacionadas co ciclo do uso da auga fronte ós riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.</p> <p>Garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.</p>
<b>Indicadores de produtividade</b>	<p>Número de procesos de participación pública ao ano.</p> <p>Número de actuacións de abastecemento e saneamento e depuración.</p> <p>Volumen de augas residuais tratadas nas EDARes de Galicia (m<sup>3</sup>/día).</p> <p>Poboación afectada polo risco de enchentes (Nº persoas).</p> <p>Número de puntos de vertido emendados</p>
<b>Programas de gasto</b>	<p>542A. Planificación e xestión hidrolóxica</p> <p>542B. Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento e planificación e xestión hidrolóxica.</p>